



# CONCELLO DA MEZQUITA

## **BANDO**

### **PROXECTOS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS NON AGRÍCOLAS**

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde-Presidente do Concello de A Mezquita, polo presente,  
**FAI SABER:**

Que a AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL publicou no DOG Nº 19 DO 29/01/2025 a *RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de investimento en actividades empresariais non agrícolas e se anuncia a convocatoria para o ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR708A).*

**Obxecto:**

1-Establecer as bases reguladoras das subvencións a proxectos de investimento en actividades empresariais non agrícolas que xestiona a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, co fin de reforzar o tecido produtivo empresarial nas zonas rurais de Galicia mediante o apoio á adquisición de bens de equipamento inherentes á actividade empresarial que están desenvolvendo as empresas existentes, co fin de mellorar, ampliar ou modernizar as súas estruturas de produción e/ou servizos, e convocar as correspondentes ao ano 2025.

2. As axudas consisten en subvencións directas de capital.

**Beneficiarios/as:**

- As pequenas empresas situadas en zonas rurais e constituídas con anterioridade ao 1 de setembro de 2024.
- Empresas que NON incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 31 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 €.
- Empresas que no momento de formular a proposta de resolución da axuda estean ao día nas débedas coas distintas administracións públicas: AEAT, Seguridade Social e Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Empresas que contén cos permisos/licenzas administrativas preceptivas e cos rexistros pertinentes.

**Proxectos subvencionables:**

*Proxectos subvencionables*

a) Adquisición de bens de equipamento co obxectivo de mellorar, ampliar e/ou modernizar pequenas empresas que desenvolven actividades produtivas non agrarias nos seguintes sectores e ámbitos de actividade:

1º. Industrias, fábricas e locais destinados á produción de bens e materiais

2º. Transformación e/ou comercialización de produtos agrarios, para este sector de actividade exclúranse aqueles proxectos cun orzamento elixible superior a 100.000 €.

3º. Prestación de servizos en calquera sector económico, con exclusión das empresas de servizos agrícolas e forestais, e das empresas de servizos enerxéticos, así como das empresas que presten servizos nos sectores de hostalaría (incluíndo todo tipo de empresas de aloxamento turístico), hostalaría e restauración).

4º. Prestación de servizos sociais (gardarías, coidado de anciáns, de persoas con discapacidade, graxas escola...).

5º. Actividades de lecer, recreativas e deportivas.

6º. Artesanía e actividades artesanais.

7º. Actividades nos sectores da enxeñaría, arquitectura, servizos técnicos, limpeza industrial e veterinaria.

8º. Comercio polo miúdo.

-As solicitudes tramitaranse na [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia co procedemento MR708A.

Máis información no **enlace:**

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250129/AnuncioO90-261224-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250129/AnuncioO90-261224-0001_gl.html)

En A Mezquita, a 29 de xaneiro de 2025.  
O ALCALDE,  
(documento asinado dixitalmente na marxe)  
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

